



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xuño 2021 • Nº 256

VEDRA E O SEU PROXECTO “VAGÓN COWORKING 2020” ESTÁ DE DOBLE NORABOA!

■ Polo seu galardón como finalista nos “Premios de Arquitectura e Rehabilitación de Galicia 2020” outorgado pola Xunta de Galicia coa “Mención á sustentabilidade” e recollido polo arquitecto Fermín Blanco.

E tamén polo seu galardón da FEMP polas súas Boas Prácticas polo Clima na octava convocatoria do certame realizada pola Rede Española de Ciudades polo Clima da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) dentro da categoría: Transición Enerxética, Rexeneración e Renovación Urbana

Fermín Blanco recollendo a mención de sustentabilidade.



Momento da entrega en Madrid do diploma a Vedra como finalista de boas prácticas polo proxecto coworking.

VACINA COVID-19

Dende a Consellería de Sanidade habilitouse o teléfono 881 002 021 ao que chamar todas aquelas persoas que por idade xa deberían estar vacinadas pero que non teñen sido citadas ata o momento. Se é o teu caso ou o de alguén que coñezas chama XA para que actualicen os datos ou os den de alta e así ter unha cita de vacinación canto antes.

O teléfono 881 00 20 21 está operativo de luns a venres de 8:00 a 21:00 horas.

XUÑO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

TRANSPORTE PÚBLICO EN VEDRA

■ Tras a inauguración da nova Estación Intermodal de Santiago de Compostela todas as chegadas e saídas a Santiago das liñas de transporte de Vedra pasarán a ser na Estación Intermodal (E.I) e xa non existirán as paradas da rúa do Hórreo, da rúa da Rosa, Pontepedriña ou da antiga estación de autobuses. Este cambio supón algunha modificación nos horarios intermedios, que na maioría dos casos se van ver acurtados. O concello está a elaborar unha nova revista cos horarios do paso por paradas que iremos facendo chegar á veciñanza nas próximas semanas.



LEMBRA HORARIO DE VERÁN

- De 15 de xuño a 15 de setembro de 9:00 a 13:00 h
- Nas Oficinas xerais e nos departamentos de alcaldía, emprego e cultura e deportes (De luns a venres)
- No departamento de servizos sociais: (os luns, xoves e venres)
- No departamento de urbanismo: (os luns, mércores e xoves)
- No xulgado de paz: (os martes e xoves de 10:00 a 13:00 horas)

Toda persoa que acceda ás dependencias municipais deberá cumprir cos protocolos de medidas preventivas



A EXPOSICIÓN “AUGA: O SANGUE DA TERRA”

■ A exposición “AUGA: O SANGUE DA TERRA” que estivo presente na Casa das Artes de Vedra do 3 ao 24 de maio e que recibiu visitas de diferentes colectivos e do público en xeral!

Un perfecto exercicio de reactivación cultural que continuará neste mes de xuño.



A exposición da fundación ABANCA no mes de maio na Casa das Artes de Vedra.



O momento da inauguración da Exposición Auga, o sangue da terra.



A exposición tamén acolleu diferentes visitas escolares.

VEDRA EN CIENCIA

■ Esta edición do Vedra en Ciencia titulouse “Camiño de Pedras” na que se realizaron descubertas do noso patrimonio histórico.



Exposición no Vedra en Ciencia Camiño de Pedras.



Obradoiro de recoñecemento de minerais no Vedra en Ciencia Camiño de Pedras.



Itinerario arquitectura da auga.



Itinerario berce de pazos.



Itinerario camiños con pasado.



AS LETRAS GALEGAS

■ A celebración das Letras Galegas coa campaña “E ti que te contas” na que participaron máis de 40 persoas cos seus relatos en galego e entre as cales 3 resultaron gañadoras por sorteo para mercar no comercio local.

E tamén conmemoramos con música en galego coa Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla na carballeira do Souto en San Fins co concerto “Música ás Letras”.



Concerto ás Letras coa Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Unha nova edición de “Camiños de Coñecemento e Experiencia”. Un proxecto de democratización do coñecemento incluído no Programa Universitario de Maiores IV Ciclo.



Así celebraron os maíos na EIM de Vedra.

ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS

ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO



Presentación do vídeo xogos tradicionais bailados arredor das nosas letras, en liña.

ASOCIACIÓN RAICEIROS



Obradoiros Ulla Oralmente nos colexios vedreses e da comarca da Ulla.

ASOCIACIÓN AMABUL



Cogomelar de Primaveira.



CAMPAMENTOS DE VERÁN 2021

■ A situación xerada pola COVID-19 fai que os campamentos se deban adaptar ás novas necesidades, tendo en conta as medidas preventivas para ter unha actividade segura; pero tamén sendo conscientes dos cambios que poden suceder polas restricións e normativas.

Os campamentos como actividade socioeducativa e de desenvolvemento persoal teñen por obxectivo potenciar as relacións entre as persoas máis novas, creando un clima de afecto, comunicación e participación, propoñer experiencias novas de goce do tempo libre, fomentar hábitos de conduta saudables a través do contacto coa natureza dun xeito positivo, favorecer a convivencia entre as persoas participantes e promover a aprendizaxe dende o punto de vista da educación non regulada e informal.

Os campamentos de verán 2021 levaranse a cabo no albergue xuvenil Area (Viveiro) do 23 ao 30 de xuño.

Persoas destinatarias e número de prazas:

- **Primaria:** 25 prazas nados/as: 2009, 2010, 2011 e 2012.
- **Secundaria:** 25 prazas nados/as: 2005, 2006, 2007, 2008.

As prazas son limitadas con preferencia para as persoas empadroadas no concello de Vedra. A adxudicación das mesmas será directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles. Se o número de prazas solicitadas supera ás ofertadas, a adxudicación realizarase mediante sorteo público no que se seguirá a premisa de prioridade exposta.

A inscrición previa realizarase do 2

ao 7 de xuño, a través do formulario aloxado na web municipal.

- **Prezo:** 195 €.

Máis información no teléfono 981 814691 ou no correo electrónico cultura@concellodevedra.com

CAMPAMENTOS DE VERÁN 2021

DO 23 AO 30 DE XUÑO

ALBERGUE XUVENIL AREA-VIVEIRO

PREZO: 195 €

PREINSCRICIÓN: DO 2 AO 7 DE XUÑO EN WWW.CONCELLODEVEDRA.COM

INFANTIL:
NADOS/AS: 2009, 2010, 2011 E 2012

XUVENIL:
NADOS/AS: 2005, 2006, 2007, 2008

Concello de Vedra

PISCINA MUNICIPAL TEMPADA 2021

■ Este verán a Piscina Municipal de Vedra volve abrir a partir do **1 de xullo** en horario de luns a domingo de 16:00 a 21:00 horas.

Iremos informando ao longo deste mes nas redes sociais e na paxina web do Concello, de como se adquiren as entradas e os bonos, xa que as medidas preventivas da Covid-19 como o control do aforo, a obrigatoriedade de identificarse, a delimitación da zona de toallas... serán outro ano mais de obrigado cumprimento.




PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NO VERÁN

■ Nos meses de verán o ximnasio municipal permanecerá aberto co horario do pavillón municipal.

No momento en que as restricións COVID o permitan, volverase a habilitar a aplicación de alugamento da pista central na páxina web do concello.

ALUGAMENTO DE PIRAGUAS E TÁBOAS DE PADDLE SUR NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

■ Durante os meses de xullo e agosto, todos os venres, sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 h. e 20:00 h. poderase acceder libremente ás piraguas e ás táboas de paddle surf mediante o seu alugamento a un prezo de 4 €/hora.



SERVIZO DE ALUGAMENTO DE BICICLETAS BTT

■ O servizo de préstamo de bicicletas está dirixido a persoas maiores de idade, se ben os menores con idade comprendidas entre os 16 e os 18 anos, poderán gozar do servizo previa autorización expresa e responsable dalgún dos seus pais ou titores legais. Queda expresamente prohibido a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.



Horario de atención ao público: de martes a domingo de 11:00 a 20:00 horas nos PUNTOS INTERMEDIARIOS DO ALUGAMENTO DE BICICLETAS:

- Bar Quenllas: R/Manuel Texo nº 3, Santa Cruz de Ribadulla. (42.776649, - 8.424904). Tel: 981 512 452
- Bar Barreiro: Cibrán nº9, San Xián de Sales. (42.814694, - 8.511153). Tel: 981 511 508

- Ou chamando ao 981 814 612 concello de Vedra.

Dispoñibilidade do servizo:

O servizo estará dispoñible todo o ano. O tempo máximo permitido de utilización continua das bicicletas é de 6 horas. No caso de exceder este prazo aplicaranse as sancións correspondentes. O servizo poderá ser suspendido por causas de forza maior (climatolóxicas...).

Declaración de alta como usuario:

Os interesados en gozar do sistema de alugamento de bicicletas deberán previamente darse de alta no servizo nos Puntos de Intermediarios. A tal efecto, deberán cumprimentar unha folla de inscrición e acompañala do documento nacional de identidade.

Custe do servizo:

O custe é de 3 €, co límite de tempo fixado (6 h).

Xestiona o servizo: Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peóns"

Verán Asociativo

I CAMPUS DEPORTIVO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Do 5 ao 31 de xullo, o Club Olímpico de Vedra organiza o seu I Campus Deportivo, para todos os rapaces e rapazas nados entre os anos 2006 e 2014 (categorías prebenxamín a cadete).

No horario de 10:00h a 14:00h, as persoas inscritas pasarán unhas mañás ociosas e divertidas, coa práctica de diversas actividades deportivas (multideporte), xogos, rutas activas, talleres de aprendizaxes e iniciación, e moito mais...

Con este I Campus, o Club busca ofertar á cativada una alternativa para este verán, coa posibilidade de compartir actividades de lecer cos seus compañeiros, promover a actividade deportiva e os hábi-

tos de vida saudables, pero sempre co obxectivo principal de que os nenos e nenas se divirtan movéndose co Club.

O prazo para a reserva de praza está aberto ata o día 14 de xuño, con dúas posibilidades de reserva, quincenal ou mensual, e con desconto a partir do segundo irmán/irmá.

As prazas son limitadas, no só para garantir unha organización axeitada de cara ás actividades, senón para adaptarse e cumprir os protocolos Covid19 do Club.

O acceso ao formulario de reserva de praza, está dispoñible nas redes sociais do Club Olímpico de

I CAMPUS DEPORTIVO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA
EN XULLO, MÓVETE CON NOS!
NADOS 2006 A 2014
OLIMPICODEVEDRA@HOTMAIL.COM/TLF. 621017384

DO 5 Ó 31 XULLO
DE 10:00 A 14:00H

- MES COMPLETO (150€)/QUINCENA (90€)
- DTO DO 50% A PARTIR DO 2º IRMÁN
- DTO PARA DEPORTISTAS DO CLUB TEMPADA 2021
- CUBRIR FORMULARIO DE SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA. (CONFIRMAREMOS PRAZAS O 15 XUÑO)
- DIFERENTES GRUPOS POR IDADES E NÚMERO DE INSCRITOS.
- UBICACIÓN PISTA DE RODADURA E PAVILLÓN DE VEDRA.
- ACTIVIDADES MULTIDEPORTE, RUTAS SENDERISMO, TALLERES...

FAI A TUA RESERVA DE PRAZA, CAPTURA OÚ PREME O SEGUINTE CÓDIGO QR
<https://forms.office.com/r/H8xRiCvZ>

Vedra. Para máis información, no mail olimpicodevedra@hotmail.com, e no teléfono 621017384

ACAMPARTE 2021 DA ANPA CEIP ORTIGUEIRA

■ Un verán máis chega ás instalacións do CEIP Ortigueira unha nova edición do Campamento de verán ACAMPARTE.

- **Datas:** do 5 ao 30 de xullo
- **Inscripcións abertas** no teléfono 661 351 053.
- Para nenas e nenos dos **3 aos 12 anos**.

Unha alternativa de conciliación con opción de servizo de madrugadores, de calendario completo, quincenal ou semanal...

Será unha acción con saídas, multiaventura, piscina, obradoiros, música,...

A actividade adaptárase e cumprirá co protocolo preventivo da Covid19.

en Santa Cruz de Ribadulla
CEIP Ortigueira
de 10 a 14 horas
servizo madrugador previa demanda
do 5 ao 30 de xullo
de 3 a 12 anos
INSCRIPCIONS
661351053

prezos

socias-os	
mes.....	100 €
quincena.....	60 €
semana.....	35 €
non socias-os	
mes.....	125 €
quincena.....	75 €
semana.....	40 €

ORGANIZA
ANPA
ORTIGUEIRA

COLABORA
CONCELLO
DE VEDRA

Acamparte

campamento de verán 2021

saídas
multiaventura
piraguas
grandes xogos
piscina
música
interculturalidade
obradoiros
acampada

ESCOLA AMBIENTAL AMABUL

■ A Asociación AMABUL propón a súa “Escola Ambiental” na súa versión infantil e xuvenil.

A aposta terá dúas quendas (xullo e agosto) con actividades variadas de sensibilización ambiental, xogos educativos na natureza, saídas á praia, rutas de sendeirismo, actividades deportivas e piscina,...

As prazas serán limitadas de acordo aos protocolos e restricións Covid.

Máis información e inscricións na súa web: www.amabul.org

ESCOLA AMBIENTAL AMABUL

versión infantil e xuvenil

CASA DAS ARTES DE SAN FINS (VEDRA)

CAMPAMENTO INFANTIL
(Nenas/os nados/os entre 2009 e 2015)

CAMPAMENTO XUVENIL
(Moza/os nados/os antes de 2009)

Quenda xullo (1 a 31 de xullo)
Quenda agosto (1 a 31 de agosto)

ACTIVIDADES:
Excursións todas as semanas
Saídas á praia
Actividades deportivas e piscina
Rutas de sendeirismo e en calac
Xogos educativos na natureza
Actividades de descuberta patrimonial
Xincanas de observación e orientación
Dinámicas de sensibilización ambiental

**PAZAS LIMITADAS DE ACORDO AOS
"PROTOCOLOS E RESTRICCIÓNS COVID"**
MAIS INFO E INSCRIPCIONS: www.amabul.org

AMABUL
programa de capacitación ambiental

ASOCIACIÓN AMABUL
ama a biodiversidade útil

Concello de Vedra

...E EN XULLO E AGOSTO UNHA NOVA EDICIÓ DO CICLO “CINE DE VERÁN. CINEMA GALEGO AO AIRE LIBRE” COA ASOCIACIÓN SENUNPESO. Moita atención ao seguinte boletín, que traerá toda esta información!

Comercio Local

WWW.HAIVEDRA.GAL

■ Xa chegou o verán, e despois dun largo inverno no que non paramos de traballar merecémonos un capricho: un libro que nos faga viaxar ata a India, preparar unha cea romántica para escapar da rutina, un complemento para ese vestido que nos queda tan ben, unha trade para colgar eses cadros que levan meses no armario etc. Achégate a “Hai Vedra” e recibe os teus caprichos na casa, axuda ao comercio local.

hai Vedra

ti sumas


eu ofrezco ti mereces él/ela colabora
nós comprometémonos vós confiades: Vedra mellora

Pasatempo... Verán 2021

Amencer



tardiñas



noitiñas



"PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES SEGURAS"

- ✓ Actividades e espectáculos de pequeno formato
- ✓ Distribución de actividades por todas as parroquias e ao aire libre
- ✓ Dirixido a toda a poboación local: infancia, mocidade, persoas adultas e maiores
- ✓ Límite de aforo e protocolo COVID
- ✓ Recuperar a confianza para que a veciñanza asista presencialmente ás actividades culturais
- ✓ Colaboración asociativa

venres
2 xullo

Noitiña: ESPECTÁCULO INFANTIL-FAMILIAR "O Peirao"
Monicreques



Hora: Ás 21:00 h.

Lugar: Campo da Festa de San Mamede de Ribadulla.

Actividade familiar e para o público xeral.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.

sábado
3 xullo

Amencer: PILATES



Hora: De 10:00 a 11:00 h.

Lugar: Área de recreo de Cubelas.

Actividade interxeracional aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: 15.

martes
6 xullo

Tardiña: TARDIÑAS NOVAS - GRANDES XOGOS



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra.

Nº de prazas: 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2008 e o 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardiña desenvolverá a actividade que lle da título.

xoves
8 xullo

Tardiña: TARDIÑAS MOZAS - QUEDADA XOVE



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Contorno do Pavillón Polideportivo - Centro Social.

Nº de prazas: 25. Actividade para a mocidade de entre os 12 e os 18 anos. Cada xornada desenvolverase unha actividade diferente.

venres
9 xullo

Noitiña: NOITIÑA DE CONCERTO
"Canta miña pedra canta"
XAN CURIEL E CHARO PITA



Hora: Ás 22:00 h.

Lugar: Campo da Festa de San Fins de Sales.

Actividade aberta ao público en xeral
Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.

sábado
10 xullo

Amencer: ANDA CA REQUINTA POLO CAMIÑO MIÑOTO-RIBEIRO.
Coa colaboración da Gaita de Sarandón e a Requinta da Laxeira



Hora: Saída ás 09:30 h.

Lugar: Ponte de Sarandón.

Actividade interxeracional aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: Aberto. En grupos segundo normativa COVID.

martes
13 xullo

Tardiña: TARDIÑAS NOVAS - XOGOS DE AUGA



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra.

Nº de prazas: 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2008 e o 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardiña desenvolverá a actividade que lle da título.

**xoves**
15 xullo**Tardiña: TARDIÑAS MOZAS -
QUEDADA XOVE****Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.**Lugar:** Contorno do Pavillón Polideportivo -
Centro Social.**Nº de prazos:** 25. Actividade para a
mocidade de entre os 12 e os 18 anos.
Cada xornada desenvolverase unha
actividade diferente.**Noitiña:****CONVERSA CON... NATALIA
BARREIRO PIÑEIRO****"INVESTIGADORA QUE PARTICIPA
NA VACUNA GALEGA CONTRA O
CORONAVIRUS"****Hora:** Ás 22:00 h.**Lugar:** Campo da Festa de San Miguel de
Sarandón.

Actividade aberta ao público en xeral.

Nº de prazos: Aforo limitado segundo nor-
mativa COVID.**martes**
20 xullo**Tardiña: TARDIÑAS NOVAS -
DECORACIÓN NATURAL****Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.**Lugar:** Campo da festa de Vedra.**Nº de prazos:** 25. Actividade para a infancia
nacida entre o 2008 e o 2016 (coa creación
de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de
8 a 12 anos).Cada tardiña desenvolverá a actividade
que lle da título.**xoves**
22 xullo**Tardiña: TARDIÑAS MOZAS -
QUEDADA XOVE****Hora:** De 18:00 h. a 20:30 h.**Lugar:** Contorno do Pavillón
Polideportivo - Centro Social.**Nº de prazos:** 25. Actividade para a
mocidade de entre os 12 e os 18 anos.
Cada xornada desenvolverase unha
actividade diferente.**venres**
16 xullo**Noitiña: ESPECTÁCULO INFANTIL-
FAMILIAR "SABOOR"****Hora:** Ás 21:00 h.**Lugar:** Campo da Festa de Illobre.
Actividade familiar.**Nº de prazos:** Aforo limitado segundo nor-
mativa COVID.**venres**
23 xullo**Noitiña: CINE INFANTIL-FAMILIAR
"BRUXERÍAS"****Hora:** Ás 22:00 h.**Lugar:** Campo da Festa de Trobe.
Actividade familiar.**Nº de prazos:** Aforo limitado segundo norma-
tiva COVID.**sábado**
17 xullo**Amencer: BAILOTERAPIA****Hora:** De 10:00 a 11:00 h.**Lugar:** Área de recreo do Campo
de Gundián.Actividade interxeracional aberta ao público
en xeral.**Nº de prazos:** 15.**sábado**
24 xullo**Amencer: PILATES****Hora:** De 10:00 a 11:00 h.**Lugar:** Área de recreo do Agronovo.Actividade interxeracional aberta ao público
en xeral.**Nº de prazos:** 15.**domingo**
25 xullo**Amencer: RUTA EN PIRAGUAS
POLO ULLA (DE SUBCIRA A
AGRONOVO)****Hora:** Ás 10:00 h.**Lugar:** Área de recreo de Agronovo.Actividade dirixida a maiores de 13 anos con
autorización.**Nº de prazos:** 30. **Prezo:** 18 €/persoa.**Amencer: AMENCER DE MÚSICA
TRADICIONAL NA FEIRA
con Ghazafellos****Hora:** De 12:00 a 14:00 h.**Lugar:** Campo da Festa de Ponte Ulla.Actividade interxeracional aberta ao público
en xeral.**Nº de prazos:** Pasarrúas.



martes
27 xullo

Tardiña: TARDIÑAS NOVAS - XINKANA



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra.

Nº de prazas: 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2008 e o 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardiña desenvolverá a actividade que lle da título.

xoves
29 xullo

Tardiña: TARDIÑAS MOZAS - QUEDADA XOVE



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Contorno do Pavillón Polideportivo - Centro Social.

Nº de prazas: 25. Actividade para a mocidade de entre os 12 e os 18 anos.

Cada xornada desenvolverase unha actividade diferente.

venres
30 xullo

Noiteña: NOITEÑA DE CANTO E PANDEIRETA CON: SILANDEIRA, DEDALEIRAS E CAMPIÑAS



Hora: Ás 22:00 h.

Lugar: Campo da Festa de San Xán de Sales. Actividade aberta a todas as persoas interesadas.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.

sábado
31 xullo

Amencer: BAILOTERAPIA



Hora: De 10:00 a 11:00 h.

Lugar: Área de recreo de Cubelas.

Actividade interxeracional aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: 15.

Noiteña: RUTA NOCTURNA EN BICICLETA MTB POLO CAMIÑO MIÑOTO-RIBEIRO. Coa colaboración de Ribadoulla. FORCAREI-SANTIAGO (35 km)



Hora: De 19:00 h. a 23:00 h.

Actividade dirixida á xuventude e persoas adultas.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID. **Ver requisitos**

martes
3 agosto

Tardiña: TARDIÑAS NOVAS - DANZAS E XOGOS DO MUNDO



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra.

Nº de prazas: 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2008 e o 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardiña desenvolverá a actividade que lle da título.

xoves
5 agosto

Tardiña: TARDIÑAS MOZAS - QUEDADA XOVE



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Contorno do Pavillón Polideportivo - Centro Social.

Nº de prazas: 25. Actividade para a mocidade de entre os 12 e os 18 anos.

Cada xornada desenvolverase unha actividade diferente.

venres
6 agosto

Noiteña: ESPECTÁCULO INFANTIL-FAMILIAR "CIRKOTE"



Hora: Ás 21:00 h.

Lugar: Campo da Festa de San Pedro de Sarandón.

Actividade familiar.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.

martes
10 agosto

Tardiña: TARDIÑAS NOVAS - JUGGER



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Campo da festa de Vedra.

Nº de prazas: 25. Actividade para a infancia nacida entre o 2008 e o 2016 (coa creación de dous grupos; un de 3 a 7 anos e outro de 8 a 12 anos).

Cada tardiña desenvolverá a actividade que lle da título.

xoves
12 agosto

Tardiña: TARDIÑAS MOZAS - QUEDADA XOVE



Hora: De 18:00 h. a 20:30 h.

Lugar: Contorno do Pavillón Polideportivo - Centro Social.

Nº de prazas: 25. Actividade para a mocidade de entre os 12 e os 18 anos.

Cada xornada desenvolverase unha actividade diferente.

Amencer, tardías e noites de verán...

venres
13 agosto

Noiteña:
**NOITEÑA DE TEATRO CON ANDA-
RAVÍA A.C. PAPAVENTOS**

Hora: Ás 21:30 h.

Lugar: Contorno da Estación de Santa Cruz de Ribadulla.

Actividade aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.



Noiteña: UNHA NOITE DE
ACAMPADA NOVA

Hora: Das 19:00 h. do venres ás 12:00 h. do sábado.

Lugar: Área de recreo de Agronovo.

Actividade dirixida á infancia dos 6 aos 12 anos.

Nº de prazas: 30.



sábado
14 agosto

Amencer: RUTA EN PIRAGUAS
**POLO ULLA (DE SUBCIRA A
AGRONOVO)**

Hora: Ás 10:00 h.

Lugar: Área de recreo de Agronovo.

Actividade dirixida a persoas maiores de 13 anos con autorización.

Nº de prazas: 30. **Prezo:** 18 €/persoa.



xoves
19 agosto

Noiteña: UNHA NOITE DE
ACAMPADA MOZA

Hora: Das 19:00 h. do xoves ás 12:00 h. do venres.

Lugar: Área de recreo de Cubelas.

Actividade dirixida a xuventude de máis de 12 anos.

Nº de prazas: 30.



sábado
21 agosto

Noiteña: NOITEÑA DE CONCERTO
**"Cancioneiro do Camiño de
Santiago" MANUELE DE FELISA**

Hora: Ás 22:30 h.

Lugar: Campo da Festa do Santiaguíño, San Pedro de Vilanova.

Actividade aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.



xoves
26 agosto

Noiteña: CINE INFANTIL-FAMILIAR
**"El Cano e Magallanes:
Volta ao mundo"**

Hora: Ás 22:00 h.

Lugar: Campo da Festa de Merín.

Actividade familiar.

Nº de prazas: Aforo limitado segundo normativa COVID.



sábado
28 agosto

Amencer: ESCALADA

Hora: Ás 10:00 h.

Lugar: Antigo campo de fútbol de Ponte Ulla.

Actividade dirixida a persoas maiores de 13 anos con autorización.

Nº de prazas: 20.

Prezo: 12 €/persoa.



sábado
11 setembro

Amencer:
**ANDA CA BANDA POLA VÍA
DA PRATA E POLA CAMIÑO DE
INVERNO:**

Coa B.M. Sta. Cruz de Ribadulla.

Hora: Saída ás 09:30 h.

Actividade aberta ao público en xeral.

Nº de prazas: Aberto. En grupos segundo normativa COVID.



✓ Todas as actividades requiren de inscrición previa na páxina web:
www.concellodevedra.gal

✓ O prazo de inscrición de cada unha das actividades abrírase 5 días antes da celebración da mesma, e pecharase cando se complete o aforo.

✓ MÁIS INFORMACIÓN NO TELÉFONO 981 814 691



**Concello
de Vedra**



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

CAMPAÑA DE RECICLAXE E REUTILIZACIÓN DE MÓBILES DO CPI PLURILINGÜE DE VEDRA

■ Mobilízate pola selva!

É unha acción de reutilización e reciclaxe de móbiles para protexer os ecosistemas africanos, da que participa o CPI de Vedra e na que podes participar achegando os teus terminais en desuso a calquera dos tres puntos de recollida (o CPI, o Centro de Saúde e a Casa do Concello de Vedra) ANTES DO 15 DE XUÑO!!

Tes toda a info na páxina web do centro escolar.

Un pequeno xesto pode cambiar as cousas!!



Un dos puntos de recollida desta campaña.

Promoción Económica

FIBRA ÓPTICA

■ Mais do 50% do concello xa ten cobertura de fibra óptica, coa previsión de que a finais de ano se acade entre o 80 e o 90%.

Dende o concello estanse a poñer todos os esforzos en conseguir este obxectivo. Podes informarte no teléfono 669 573 351.



Cultura

EXPOSICIÓN DAS ESCOLAS ARTÍSTICAS MUNICIPAIS

■ A Casa das Artes de Vedra acolle a mostra dos traballos do alumnado das actividades de pintura e manualidades deste curso que remata.

A inauguración será o venres 11 de xuño ás 20:00 h.

Será a ocasión de gozar das obras do alumnado das clases de pintura e de manualidades que durante o curso foron desenvolvendo as súas habilidades. Nesta edición terá un protagonismo especial a figura e obra do lembrado "Caxaraville" alumno fiel das clases de pintura e ao que o resto de compañeiras e compañeiros queren render este xesto na súa memoria.

O acto seguirá os protocolos de prevención da Covid

19, así que será preciso reservar praza no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.com ou no teléfono 981 814 691.

Horario de apertura da exposición do 12 ao 26 de xuño

- Luns: De 16:30 a 20:00 horas.
- Venres: De 18 a 20:00 horas.
- Sábados: De 11:30 a 13:00 horas.

A Casa das Artes acolle as túas propostas... Se queres expor a túa obra, se coñeces algunha alternativa cultural ou simplemente queres compartir información sobre proxectos ou que poidan encaixar neste espazo escribe a cultura@concellodevedra.com ou chama ao 981 814 691.



VEDRA, CAMIÑO DA GASTRONOMÍA. VEDRA, CAMIÑO DE TAPAS!

■ As tres primeiras semanas de xullo Vedra enchérase de tapas. Percorreremos os tres camiños de Santiago que pasan polo concello a través da gastronomía, parando en cada un dos bares e restaurantes e degustando as tapas típicas destes camiños.

- **Camiño de inverno:** durante a semana do 5 ao 9 de xullo poderemos degustar as tapas de culler.
- **Camiño Miñoto-Ribeiro:** do 12 ao 16 de xullo probaremos as tapas relacionadas co pan e co viño, dous dos piares fundamentais da alimentación do peregrino no medievo.
- **Camiño Vía da Prata:** a semana do 19 ao 23 coñeceremos a repostería do camiño, introducida na Península grazas aos árabes.

Ademais de poñer en valor os nosos camiños e gastronomía, tamén queremos dar a coñecer os produtores locais, por iso haberá sorteos de produtos do concello durante as tres semanas do “Vedra, camiño de tapas”.

Con esta iniciativa pretendemos revitalizar a hostalaría local despois dun ano moi duro, e promover os novos establecementos. Este verán tócanos ir de tapas por Vedra.

CONTINUÁ O V12. “DE PARROQUIA EN PARROQUIA”

■ Durante todo o mes de xuño a V12 lévanos ata Santo André de Illobre onde imos falar de tradición oral e paisaxe e coma todos os meses faremos unha parada nos recursos patrimoniais máis importantes da parroquia.



Servizos Sociais



AS OBRAS DE LABORTERAPIA DE AGADEA LOCEN EN VEDRA

■ A Asociación Galega de Axuda ao Enfermo con demencia tipo Alzheimer, (AGADEA), realizou o mes pasado unha campaña de sensibilización na que participou activamente o Servizo de Estimulación Terapéutica de Vedra.

O seu obxectivo foi poñer en valor as actividades das persoas maiores, á vez que quixeron recoñecer o labor dos profesionais da hostalería, tan afectados polas medi-

das contra a pandemia.

Nos talleres de laborterapia as persoas usuarias de AGADEA realizaron a manualidade dunha árbore coa que agasallaron aos hostaleiros de cada unha das parroquias das persoas usuarias. Dende agora, todos os clientes que pasen por estes establecementos poderán ver esta obra feita, con moito esforzo e agarimo polos seus veciños e veciñas.





ACTIVIDADES PARA A TERCEIRA IDADE

■ Volver as actividades!!

Dámoslle prioridade exclusivamente a aquelas que consideramos necesarias para favorecer a prevención do deterioro cognitivo e de mantemento das capacidades físicas das persoas maiores.

■ **Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias:** de luns a venres de 10:00 a 13:00 h; que se desenvolveu con regularidade.

■ **Ximnasia de maiores:** os luns e mércores de 16:45 a 17:45 h. (grupo I), de 18:00 a 19:00 h (grupo II), e de 19:15 a 20:15 h. (grupo III).

■ **Obradoiro de memoria:** os xoves de 17:00 a 18:25 h. (grupo



Reunión do Voluntariado Sénior.

I) e de 18:35 a 20:00 h. (grupo II). Os grupos serán reducidos, respectarase a distancia entre persoas e as medidas hixiénico-sanitarias. O uso de máscara será

obrigatoria. Cóntase con protocolo COVID.

Para máis información e inscricións: 981 814 695 – 981 814 693

LUDETECA

■ A ludoteca ten como obxectivos proporcionar á infancia vedresa, espazos lúdico/educativos adecuados para favorecer o crecemento persoal, a adquisición de valores, hábitos, habilidades, a súa socialización e o desenvolvemento das súas capacidades. Desenvólvense programas de actividades baseadas na aprendizaxe por medio do xogo, a vivencia de experiencias novas, o desenvolvemento de talleres, de dinámicas de grupo, etc. características da educación no tempo libre. Con esta intención, expomos os seguintes obradoiros e actividades para este mes:

- Xogando en valores: Contacontos
- Experimentos divertidos
- "Mr/s. Manitas"
- Patrulla ambiental
- Compañeiros/as de xogo: Xogos reunidos.
- Supercociñeiro

Do 23 ao 30 de xuño o horario será o de 8:30 a 14:30 h. ao igual que nos meses de xullo e agosto.

A partires do día **1 de xullo** ata o **23 de xullo** poderase facer a inscrición para o servizo de madrugadores e ludoteca durante o curso, así como a nova modalidade de ludoteca nas vacacións escolares de

inverno (primeiros días de setembro, Nadal, Entroido e Semana Santa). É importante que as persoas que queiran que os menores acudan á ludoteca no mes de setembro, fagan a inscrición neste prazo. Posteriormente no mes de de setembro abrirase un segundo prazo do 1 ao 24 de setembro coas prazas que queden baleiras. Máis información nos teléfonos: 981 814 693 ou 699 041 486.

A solicitude colgarase na páxina web do concello. Toda a información no tel. 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



XUNTA DE GALICIA



CONVOCATORIA ABERTA DO PROGRAMA BÁSICO COMUNITARIO 2021

- Programa Axuda no Fogar (modalidade de acceso libre concorrencia e dependencia).
- Programa de Educación Familiar.
- Programa de Información e Orientación.
- Programa de Prevención e Inserción / Axuda de Emerxencia Social.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Educación




VEDRA MEDRA DE RUTA POLA VÍA DA PRATA

■ O mes de maio comezou para **Vedra medra** camiñando. Todo o alumnado de 3º da ESO coñeceu a Vía da Prata desde Ponte Ulla ata O Santiaguiño en San Pedro de Vilanova.

Estas saídas encádranse na sección MIRANDO POLO CAMIÑO, programa de innovación educativa da Consellería e a Dirección Xeral do Patrimonio na que participamos este curso, e que desenvolvemos coa axuda do Concello de Vedra e de "Camiños con pasado".

O percorrido obrigounos a andar alerta, cos ollos e sentidos ben abertos. Ao final, cada participante recibiu a correspondente "Compostelá" que acreditaba o seu paso polo camiño de peregrinación e a superación de todas as probas que alí foron aparecendo.

En breve, será 1º da ESO quen saia a facer a ruta do Pereiro e asista a un obradoiro de literatura tradicional impartido pola Asociación Raiceiros.



En Vedra medra continuamos aproximando o patrimonio local ás aulas do CPI de Vedra. Todas as nosas actuacións poden verse no **Facebook Vedra medra** e na web do centro educativo.

Así NON



O COIDADO DO MEDIO AMBIENTE TAMÉN DEPENDE DE TI

■ No verán non esquezas a importancia de facer un bo uso dos colectores, do servizo de recollida de voluminosos e tamén do punto limpo. Temos as ferramentas para unha correcta reciclaxe EMPREGUÉMOLAS CORRECTAMENTE!!

EMPREGA OS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS E USO DO PUNTO LIMPO CHAMA AO 981814612 DE LUNS A VENRES DE 9 A 13 HORAS.

Non te esquezas: ...Con pequenos xestos podemos conseguir grandes cambios!!





INFORMACIÓN DE INTERESE

■ As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia social integral que inclúe servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral, que han de responder aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia, restaurar a situación en que se atopaba a vítima antes de padece-la ou, polo menos, paliar os seus efectos.

- Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas
- CIM, centro de información á muller:
 - Atención xurídica: Venres de 8:00 a 15:00 h.
 - Atención psicolóxica: Martes de 8:00 a 15:00 h.
- Teléfono 981 814 693

A través dos mesmos faise posible que as mulleres:

- Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden emprender e os seus dereitos.
- Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento (emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- O dereito á asistencia social integral recoñécese tamén aos menores que viven en contornas familiares onde existe violencia de xénero.

Outros recursos:

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

O Teléfono da Muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado por diferentes profesionais de toda Galicia.

Para que se puxo en marcha?

Fundamentalmente cos obxectivos de:

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas, psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servizos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.
- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

Sobre que cuestións te podes informar?

Ten por finalidade informar e asesorar sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentenzas incumpridas...
- Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...
- Discriminación laboral, permisos de maternidade e paternidade, apoio á contratación...
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, gabinetes de orientación familiar..
- Educación para a igualdade, materiais didácticos non sexistas, publicidade discriminatoria para coas mulleres...
- Apoio ao asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...
- Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións de medidas doutros organismos de igualdade...

Teléfono 900 19 10 10

Con el o Instituto da Muller reactiva o seu servizo telefónico para informar sobre os dereitos das mulleres.



...AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Que acariña o ascenso a primeira división da liga nacional de dúatlon en categoría feminina e masculina.

Co 5º posto na 2ª división da liga nacional de dúatlon 2021, a só un posto do ascenso do Olímpico de Vedra feminino. Co 6º posto na 2ª división da liga nacional de dúatlon 2021, a só 2 postos do ascenso e medalla de bronce no campionato de España de dúatlon supersprint por clubs de 2ª división do Olímpico de Vedra masculino. Co 11º posto absoluto no campionato de España de dúatlon por relevos mixtos do Equipo mixto do Olímpico de Vedra.

E parabéns individuais a... Mariam Ferrán, campioa galega de dúatlon sub 23 2021. Miguel Daporta, subcampión galego de dúatlon veterano 2021. Víctor Bouzón, subcampión galego de dúatlon 2021 en categoría sub-23.



Miguel, Marian e Victor medallistas autonómicos de Dúatlon.

...AO PAZO DE ORTIGUEIRA

■ Pola axuda recibida da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para a protección e conservación das súas árbores senlleiras. Un aliciente máis para o BIC vedrés!!



Momento da visita da conselleira de medioambiente ao Pazo de Ortigueira no día en que se fixeron públicas as axudas para a conservación de árbores senlleiras.



Equipo bronce campionato España supersprint 2ª división.



Equipo feminino liga nacional de dúatlon.




Equipo masculino e feminino olimpico de Vedra.



Equipo relevo mixto olimpico de Vedra, 11º de España.

...A TODA A VECIÑANZA

■ Con motivo da conmemoración do Día Mundial do Medioambiente o 5 de xuño, dámoslle PARABÉNS a toda a veciñanza que SÍ coida do noso contorno cada día, facendo un uso correcto das ferramentas ao noso alcance para reciclar, para manter limpos e en equilibrio os nosos espazos naturais, NORABOA E GRAZAS!!



PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.